

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 15 DE NOVEMBRO DE 2012,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se dispón que cese Santiago Camba Bouzas como secretario xeral da Emigración.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade das estradas provinciais OU-0358 "ramal a Berán de Arriba" e da estrada OU-0351 "San Clodio-Cuñas" a prol do Concello de Leiro.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Decreto polo que se regula a Rede de asesoramento en economía social Eusumo.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproban os resultados da actividade de loita contra os incendios forestais, desenvolvida no ano 2012 pola Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto denominado "LAT 132 KV e Subestación 132/20 KV Folgosa en Ribadeo" (concellos de Trabada e Ribadeo, en Lugo), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a adhesión da Comunidade Autónoma de Galicia para a realización dos traballos previos á realización da contratación centralizada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de medicamentos e produtos sanitarios, de conformidade co establecido no RDL 16/2012.

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Confederación de Empresarios de Galicia, para o desenvolvemento de actividades de información e difusión do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, cunha contía total de trinta e catro mil catrocentos trinta euros con noventa e cinco céntimos (34.430,95€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Associação Empresarial do Alto Tâmega, para o desenvolvemento de actividades de información e difusión do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, cunha contía total de cinco mil novecentos setenta e cinco euros con dous céntimos (5.975,02€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Associação Industrial do Minho, para o desenvolvemento de actividades de información e difusión do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, cunha contía total de seis mil seiscentos dezaioito euros con sesenta e cinco céntimos (6.618,65€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Instituto de Emprego e Formação Profissional, para o desenvolvemento de actividades de información e difusión do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, cunha contía total de dez mil setenta euros (10.070,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Vigo, para o desenvolvemento de actividades de información e difusión do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, cunha contía total de dezasete mil catrocentos oitenta e nove euros con cincuenta céntimos (17.489,50€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Associação de Municípios do Vale do Minho, para o desenvolvemento de actividades de información e difusión do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, cunha contía total de dous mil novecentos corenta e sete euros con oitenta e cinco céntimos (2.947,85€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal, para o desenvolvemento de actividades de información e difusión do Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, cun importe total de trinta e dous mil oito centos setenta euros (32.870,00€).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre o balance da recente viaxe do presidente da Xunta de Galicia a Brasil.
- Informe da EGAP sobre o Plan de formación conxunto para a Administración Local, elaborado en colaboración coa FEGAMP e coa Dirección Xeral de Administración Local.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre cambio climático en Galicia.

## **A XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE DE DOUS TREITOS DE ESTRADAS PROVINCIAIS A PROL DO CONCELLO DE LEIRO**

- *Con este paso administrativo, simplificaríanse a tramitación de permisos de edificacións nas súas marxes, construción de infraestruturas e servizos urbanos*
- *A entrega completarase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*
- *A Axencia Galega de Infraestruturas informou favorablemente o cambio de titularidade proposto polo concello, xa que este tramo adquiriu características de tramo urbano*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade de dous treitos das estradas provinciais OU-0358 (ramal a Berán de Arriba) e da OU-0351 (San Clodio-Cuñas), ambas a prol do Concello de Leiro.

No caso da estrada provincial OU-0351 entre San Clodio e Cuña, a transferencia afecta o treito entre os puntos quilométricos 0+000 e o 1+165, cunha lonxitude de máis de 1,1 quilómetros. Así mesmo, transferirase o ramal a Berán de Arriba, das estrada provincial OU-0358. Ao abeiro das previsións legais, o Pleno da Corporación Provincial de Ourense xa acordou previamente ambos cambios de titularidade, por petición do Concello de Leiro.

Esta medida fundaméntase en que ambos os tramos adquiriron as características propias dun treito urbano e, con este paso administrativo, simplificaríanse a tramitación de permisos de edificacións nas súas marxes, construción de infraestruturas e servizos urbanos.

### **Transferencia**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, estudou a transferencia da titularidade e considerou adecuado o cambio de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes.

O Concello de Leiro deberá incorporar ao seu Plan de estradas os treitos a que se refire este decreto, cuxa entrega se completará no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG).


Correspóndelle ao Concello, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova administración titular da estrada.

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas, e que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas se entregarán aos concellos respectivos.



Cambio titularidade da estrada provincial OU-0358 (Ramal a Berán de Arriba)  
ó Concello de Leiro

OURENSE



## **TRABALLO CONSOLIDA E AMPLÍA A REDE DE CENTROS DE PROMOCIÓN E ASESORAMENTO DO COOPERATIVISMO**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a regulación de xeito permanente da Rede Eusumo, que constitúe o primeiro entramado específico de servizos de promoción e asesoramento destinado á economía social na comunidade autónoma*
- *A Consellería de Traballo e Benestar puxo en marcha esta iniciativa en xuño de 2011 co obxectivo de dar apoio á creación de autoemprego neste eido*
- *Poderán optar a formar parte desta rede asociacións de cooperativas, entidades locais, cámaras de comercio, fundacións e universidades*
- *Ao longo desta lexislatura déronse de alta en Galicia 168 novas cooperativas, un 75 por cento máis que na lexislatura anterior*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e polo que se consolida o seu funcionamento. Mediante este decreto regularase de xeito permanente a Rede Eusumo e, ademais, amplíase a súa colaboración.

Co decreto, a Rede Eusumo consolidarase na nosa Comunidade, adquirindo un carácter estable. Deste xeito, séntanse as bases para que a través de distintas relacións de colaboracións, as entidades que se sumen á rede poñan á disposición dos cooperativistas ou daquelas persoas que estean interesados nestas fórmulas empresariais, puntos de asesoramento e dinamización que lles apoiem nas súas iniciativas.

Neste traballo participan activamente todos os profesionais que poden asesorar os emprendedores e que se coordinarán a través desta rede: axentes de desenvolvemento local, axentes de emprego, gabinete de orientación profesional, entre outros.

A Rede Eusumo acolle tamén xornadas nas que se divulga o cooperativismo, a economía social e o autoemprego, ao mesmo tempo que os cooperativistas presentan a súa experiencia.

A Rede Eusumo, posta en marcha pola Consellería de Traballo e Benestar en xuño de 2011, naceu co obxectivo de dar dar resposta á necesidade de crear un entramado específico de servizos de promoción e asesoramento destinado á economía social, un recurso que ata ese momento non existía. Así, púxose en marcha unha rede de centros de asesoramento e dinamización co fin de promover o cooperativismo en todo o territorio da comunidade autónoma.

Ao longo desta lexislatura déronse de alta na nosa Comunidade 168 novas cooperativas, cun total de 4.106 socios. Isto supón un incremento do 75% en relación coas cooperativas creadas na lexislatura anterior, e un incremento do 109% en relación co número de socios.

Poderán ser entidades colaboradoras desta Rede as administracións públicas; as asociacións de cooperativas e de sociedades laborais; as sociedades cooperativas galegas; as fundacións e asociacións; as universidades -a través dos seus centros colaboradores-; as cámaras de comercio e outras entidades sen ánimo de lucro.

As actividades que se impulsan coa creación da Rede Eusumo encádranse dentro do Programa Operativo do Fondo Social Europeo, en concreto no eixe que fai referencia a promover a cooperación transnacional e interrexional.

### **Vantaxes**

As entidades colaboradoras da Rede obteñen unha serie de vantaxes, como a utilización dos diferentes centros para as actividades da propia entidade, poderán compartir esforzos e resultados con outras entidades con intereses similares, así como, poden beneficiarse dos diferentes apoios e incentivos que a Consellería de Traballo e Benestar ten para promover o impulso do cooperativismo.

As entidades interesadas en formar parte da Rede Eusumo deberán presentar unha solicitude na Consellería de Traballo e Benestar, e poderán facelo de xeito permanente, posto que a solicitude non está exposta a prazos.

### **Dinamización de sectores potenciais**

Unha das características do modelo de funcionamento da Rede é o feito de que explora no territorio, tratando de atopar espazos de oportunidade. Este traballo realízase a partir de entrevistas e contactos con diferentes axentes e coa conformación de grupos de traballo. Nestes grupos analízanse as potencialidades do sector, preséntanse as fórmulas da economía social para apreciar en que medida poden adaptarse ao mesmo e realízase formación práctica en habilidades de traballo en equipo e participación.

Os servizos sociais e a atención a persoas en situación de dependencia son un dos eidos potenciais de creación de emprego en Galicia. En liña coa potenciación destes sectores, a Rede Eusumo ofrece un apoio específico para fomentar empresas de economía social nos mesmos.



## **A POLICÍA AUTONÓMICA LEVA 108 PERSOAS DETIDAS E IMPUTADAS POR INCENDIOS NO QUE VAI DE ANO, UN 30 POR CENTO MÁIS QUE EN TODO 2011**

- ***Destinou 206 axentes á prevención e investigación de incendios e esclareceu 272 lumes forestais***

No que vai de ano, a Policía Autonómica leva detidas e imputadas a 108 persoas por delitos relacionados con incendios forestais, un 30 por cento máis que o ano pasado e máis do dobre que en todo 2010, cando houbo 53 detidos por prender lumes forestais. Así se recolle dos datos estatísticos que achegaron os axentes, relacionados coa activa colaboración que veñen mantendo nos últimos anos coa Consellería do Medio Rural e do Mar, a través de todas as súas sedes en Galicia.

Durante os meses que dura o Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, Pladiga 2012, a Policía Autonómica destinou 206 efectivos á prevención e investigación de incendios. Ademais, o informe da Policía Autonómica, revela que no que levamos de ano xa se esclareceron 272 lumes forestais, fronte aos 117 de 2011.

Durante o ano os equipos de incendios traballan no ámbito de toda Galicia, nas dúas vertentes máis importantes na loita contra os incendios forestais: a prevención e a investigación das causas e da autoría dos lumes producidos. No entanto, coa campaña de verán a UPA concentra os seus esforzos nas denominadas "Parroquias de Especial Vixilancia" (PEV), que lles son asignadas no Pladiga, e que se corresponden con aqueles lugares con maior concentración de lumes dentro dos seus respectivos concellos.

Neste sentido, durante a campaña de verán Pladiga 2012, os axentes da policía Autonómica despregados polas zonas de especial vixilancia que lle foron asignadas actuaron nun total de 366 incendios forestais, nos que arderon 415 hectáreas: 164 de superficie arborada e 251 de rasa. No ano 2011 os incendios foran 949 e as hectáreas queimadas 4.503,38.

Os grupos de prevención de incendios están compostos por funcionarios que prestan unha actividade policial de campo, complementaría aos grupos de investigación, dedicándose basicamente a previr e a disuadir a posible actividade incendiaria. Estes policía actúan uniformados e en coches radio patrulla rotulados.

Entre as actividades realizadas por estes axentes, destacan a vixilancia preventiva nas zonas forestais, detectar posibles focos de inicio de lumes; alertar e colaborar cos medios de extinción; controlar as autorizacións, comunicacións e as normas para queimas controladas ou a identificación sobre o terreo de persoas e vehículos sospeitosos, entre outras.

Pola súa banda, nos grupos de investigación de incendios de cada unha das sedes da Autonómica operan policías especializados en investigación en materia de lumes forestais que, entre outras, realizarían inspeccións oculares; identificacións e tomas de declaración ás testemuñas presenciais; elaboración de atestados e o traslado dos datos de interese ao programa informático da Rede de Información de Incendios (REDIIN). Para estes cometidos, os axentes actuarían de paisano, en vehículos camuflados.

## **A XUNTA AUTORIZA A POSTA EN MARCHA DUNHA SUBESTACIÓN EN RIBADEO QUE PERMITIRÁ AVANZAR NA MELLORA DA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA NA MARIÑA LUGUESA**

- *A infraestrutura permitirá dar resposta á demanda do novo parque empresarial ribadense*
- *O Consello da Xunta vén de aprobar o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, que inclúe tamén a instalación dunha liña de alta tensión desde o municipio de Trabada*
- *As actuacións, que serán desenvoltas pola empresa distribuidora E-On, contan cun orzamento de máis de 3,6 millóns de euros*
- *O Plan de Mellora da Calidade da Subministración Eléctrica posto en marcha polo Goberno galego recolle apoios da Xunta por preto de 640.000 euros para esta iniciativa*
- *Economía e Industria leva destinados desde 2009 máis de 36 millóns de euros a medidas para mellorar a distribución eléctrica co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento económico e á mellora das condicións de vida dos cidadáns*

O Consello da Xunta vén de aprobar de forma definitiva o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a posta en marcha dunha subestación eléctrica no municipio lugués de Ribadeo, e que recolle tamén a instalación dunha liña de alta tensión que alimentará esta, co obxectivo de mellorar a rede de distribución eléctrica na zona noroeste da provincia de Lugo e dar resposta ás necesidades de potencia que supoñen os desenvolvementos industriais e de vivenda dos concellos da Mariña.

A construción da subestación, que se situará en Folgosa, así como da liña de alta tensión de 132 kV que conectará esta instalación desde Trabada coa liña Doiras-Mondoñedo, correrá a cargo da empresa distribuidora E-ON, titular das instalacións, e conta cun orzamento de máis de 3,6 millóns de euros.

O Plan de mellora da calidade da subministración eléctrica posto en marcha pola Xunta en colaboración con empresas distribuidoras recolle apoios da Consellería de Economía e Industria por preto de 640.000 euros para o desenvolvemento dos proxectos, que darán servizo aos concellos de Barreiros, Trabada e Ribadeo e permitirán atender a demanda do novo parque empresarial ribadense.

En canto ás especificacións técnicas, a liña eléctrica, de 132 kV de tensión nominal, en dobre circuito, terá unha lonxitude de 9.333 metros (470 deles soterrados). No tocante á subestación, de 132/20kV, estará formada basicamente por un sistema en intemperie con tipoloxía de simple barra e dous transformadores de 132/20/12 kV e 40/40/1 MVA de potencia.

Esta actuación, que se iniciará unha vez remate o proceso expropiatorio, permitirá continuar avanzando na mellora da calidade da subministración eléctrica, eido ao que a Consellería de Economía e Industria leva destinados máis de 36 millóns de euros desde 2009, tanto en colaboración coas empresas distribuidoras como coas ordes de axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas dirixidas aos concellos, así como con outras actuacións puntuais.

A posta en marcha destas medidas, coas que se contribúe ao desenvolvemento económico de Galicia, así como á integración e ao equilibrio territorial, ten contribuído a unha redución de máis do 50 por cento no tempo de interrupción da subministración con respecto a 2008, así como unha redución de máis do 38 por cento no número de interrupcións. Isto permite que nestes momentos Galicia mellore a media española, a pesar das dificultades orográficas e a dispersión da poboación que presenta a Comunidade.

## **SANIDADE INICIA OS TRABALLOS PREVIOS Á CONTRATACIÓN CENTRALIZADA DE MEDICAMENTOS E PRODUTOS SANITARIOS**

- *Trátase dunha das melloras establecidas no Real decreto-lei 16/2012 para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde*
- *Esta medida suporá unha diminución importante no total do gasto farmacéutico*

O Consello da xunta autorizou esta mañá a realización dos traballos necesarios previos á contratación centralizada de medicamentos e produtos sanitarios. Esta adquisición, liderada polo Ministerio de Sanidade, Servizo Sociais e Igualdade, é unha das melloras establecidas no Real decreto-lei 16/2012, do 20 de abril, como unha medida positiva para garantir a sustentabilidade do sistema sanitario.

En concreto afecta a todos os medicamentos e produtos sanitarios que poden ser adquiridos mediante a compra centralizada e establecemento dos prezos iniciais, previos ao acordo de adhesión voluntaria á contratación.

Nesta fase inicial en traballo conxunto do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade coas comunidades autónomas defíniranse os medicamentos e produtos sanitarios que conformarán os lotes para a realización dunha nova compra centralizada, así como a coordinación dos procedementos de contratación dos medicamentos e produtos sanitarios de máis consumo nos centros sanitarios.

A adquisición centralizada de medicamentos e produtos sanitarios permite a utilización dun sistema de economía de escala, polo que a adquisición dun número importante de elementos permite que as empresas poidan presentar unha oferta económica máis baixa. Polo tanto, o cidadán beneficiase desta medida xa que, ao diminuír o gasto farmacéutico, estase a contribuír a que mellore a sustentabilidade do sistema sanitario.

### **Sergas xa realiza compra centralizada**

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, no marco da Estratexia Sergas 2014, determina como un dos principais obxectivos a xestión rigorosa e eficiente para garantir a sustentabilidade do sistema sanitario. Isto é, antes da aprobación da Real decreto-lei 16/2012, o Sergas xa viña realizando contratación centralizada de diversos produtos sanitarios.

Neste momento, e para aqueles produtos que non se considere suficiente o prezo e as condicións que se establecen nas propostas de Ministerio de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde seguirá realizando a contratación de forma centralizada.

## **A XUNTA DESTINA MÁIS DE 110.000 EUROS A PROMOVER A MOBILIDADE NA EURORREXIÓN A TRAVÉS DO EURES TRANSFRONTEIRIZO**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe os convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e os socios participantes*
- *Este servizo ocúpase, entre outros asuntos, de facilitar o acceso á información de ofertas e demandas de emprego na área transfronteiriza e de informar sobre a lexislación dos dous países en materia laboral, fiscal e social*
- *O ano pasado esta oficina atendeu preto de 2.000 persoas*
- *Desde 2010 e ata 2013 o departamento autonómico é o encargado de dirixir e coordinar este proxecto, que leva en marcha desde o ano 1997*

A Consellería de Traballo e Benestar destina máis de 110.000 euros a coordinar e manter na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal o servizo europeo do Eures transfronteirizo, que ten como obxectivo promover a mobilidade laboral nesta área e proporcionar a información precisa neste eido tanto a traballadores como a empresarios.

O Consello da Xunta autorizou hoxe os convenios de colaboración entre o departamento autonómico e os socios participantes. En concreto, trátase de sete convenios coa Associação Empresarial do Alto Tâmega; Associação Industrial do Minho; Associação de Municipios do Vale do Minho; Confederación de Empresarios de Galicia; Consello Sindical Interrexional Galicia-Norte de Portugal; Instituto de Emprego e Formação Profissional; e a Universidade de Vigo.

O departamento autonómico é o encargado da sinatura destes convenios xa que durante o trienio 2010/2013 correspóndelle dirixir e coordinar este servizo. Os convenios, que supoñen a continuidade dos anteriores, teñen unha vixencia que abrangue ata o 31 de maio de 2013.

O servizo Eures transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, que se engloba dentro da rede europea Eures, ten entre outras funcións as seguintes: facilitar o acceso á información sobre ofertas e demandas de emprego nesta área; informar sobre a lexislación dos dous países en materia laboral, fiscal e social; servizo de atención ao público; contactar con institucións para eliminar obstáculos á mobilidade; proporcionar elementos informativos sobre condicións de vida e de traballo a ambos lados da fronteira; e orientar en materia de formación e prácticas profesionais na rexión.

No ano 2011, atendéronse case 2.000 persoas nesta oficina de coordinación. Moitas das consultas atendidas procedían doutras comunidades autónomas, posto que o Eures Galicia-Norte de Portugal é o único servizo transfronteirizo que existe entre ambos dous países. O 80 por cento das consultas corresponden con demandas de información sobre oportunidades de emprego.

O Eures transfronteirizo foi creado en decembro de 1997, a través da sinatura dun convenio marco de colaboración entre os distintos socios participantes. Este convenio marco garante, entre outros obxectivos, a circulación da información relativa ás ofertas e demandas de emprego entre ambas rexións e a transparencia de información relativa ao mercado de traballo e ás condicións de vida. Este servizo transfronteirizo forma parte da rede europea Eures, creada en 1993, para facilitar o dereito dos traballadores á libre circulación e a vivir e traballar noutro Estado membro.

## **A XUNTA CONSTATA A OPORTUNIDADE DE NEGOCIO REAL NO SECTOR NAVAL E NO EIDO PORTUARIO GALEGO CON BRASIL E APOSTA POR BUSCAR UN ACORDO ESTABLE CON ESTE PAÍS**

- *O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre o balance da recente viaxe do presidente da Xunta a Brasil*
- *O Executivo autonómico considera que a inminente visita da presidenta de Brasil e o seu despacho bilateral co presidente do Goberno, Mariano Rajoy, o próximo luns, é un momento excepcional para poder concretar relacións estables e continuadas entre Brasil e España no que se refire a estes dous ámbitos que lle interesan a Galicia*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre o balance da recente viaxe do presidente do Goberno galego en funcións, Alberto Núñez Feijóo, a Brasil, unha viaxe na que se puido constatar a oportunidade de negocio real no sector naval e no eido portuario galego con ese país.

Unha vez constatada esa posibilidade de negocio, o Executivo galego considera que a inminente visita da presidenta de Brasil e o seu despacho bilateral co presidente do Goberno, Mariano Rajoy, o próximo luns, é un momento excepcional para poder concretar relacións estables e continuadas entre Brasil e España no que se refire a dous ámbitos que lle interesan a Galicia: as posibilidades dos portos galegos en relación coa loxística e cos materiais, entre Brasil e Galicia; e, tamén, no que se refire a todo o sector naval de construción, mantemento, reparación e formación de traballadores da industria dos estaleiros brasileiros.

En consecuencia, a Xunta vai promover o informe que remitirá de forma inmediata á Moncloa para buscar un acordo estable no eido naval; unha posible implantación nos portos de Galicia e, por último, para organizar conxuntamente unha misión comercial desde Brasil a Galicia, no que se refire á industria naval, aos estaleiros e ao resto da industria relacionada co petróleo.



## **A XUNTA E A FEGAMP COLABORAN NA FORMACIÓN DO PERSOAL DAS ENTIDADES LOCAIS**

- ***No que vai de ano leváronse a cabo 55 actividades formativas cunha duración de 2.175 horas e 1.704 prazas***

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a evolución do Plan de formación conxunto entre a Escola Galega de Administración Pública, a Fegamp e a Dirección Xeral de Administración Local destinado aos empregados da Administración Local

A Xunta, a través da dirección xeral de Administración Local e a EGAP, e a Fegamp puxeron en marcha o Plan de Formación para o ano 2012, e no que vai de ano leváronse a cabo 37 actividades formativas cunha duración de 1.345 horas e 1.040 prazas. Os destinatarios destas actividades son os empregados públicos destinados na Administración Local de Galicia que estean en situación de servizo activo, incapacidade temporal por maternidade ou excedencia polo coidado dun fillo ou familiar.

Este Plan de formación para o persoal das entidades locais aposta pola realización de actividades na modalidade de teleformación, as cales supoñen un 62% do total das prazas convocadas. Deste xeito, a EGAP garante o acceso á formación para todo o persoal da Administración local de Galicia, harmonizando o tempo de formación co do traballo e facilitando a conciliación da vida laboral coa familiar.

Os cursos programados fan referencia a áreas como o urbanismo, dereito, novas tecnoloxías, igualdade ou os recursos humanos, de xeito que a Escola lle ofrece ao alumnado unha formación completa, na que os coñecementos adquiridos teñen a máxima aplicabilidade

Algún dos cursos que se levarán a cabo son referidos a urbanismo, a súa lexislación, planeamento e edificación; xestión de equipos de traballo en entidades de servizos sociais; orzamentos locais; responsabilidade patrimonial; contratación administrativa; o ordenamento e a estrutura institucional da UE; técnico en servizos comunitarios; redes sociais e administración local; e técnicas de xestión de equipos de traballo en entidades de servizos sociais, entre outros

Outra vertente que se recolle no convenio é a realización de xornadas, seminarios, e conferencias que teñan como obxectivo divulgar contidos básicos sobre a xestión das entidades locais. Por este motivo, a Dirección Xeral de Administración Local, a Fegamp e a EGAP puxeron en marcha un ciclo de xornadas formativas para cargos electos da Administración local dirixido exclusivamente a alcaldes, concelleiros e persoal directivo das entidades locais.

### **Outros cursos**

Durante o ano 2012, convocáronse 5 cursos superiores especificamente destinados para a Administración Local, que supuxeron un total de 204 prazas e 682 horas de formación, coma o Curso sobre procedemento expropiatorio, o Curso de Sistemas de Información Xeográfica, o I Curso de formación en Administración Local, o II Curso de Rehabilitación e Revitalización Urbana e o IV Curso superior de formación de técnico na Administración Local.

Ademais, a través da sinatura de convenios específicos con outras entidades, a Escola puxo en marcha durante este ano os cursos destinados a directivos de asociacións veciñais, coa colaboración da Confederación Galega de Asociacións Veciñais (COGAVE). Levándose a cabo 5 cursos en cidades galegas co obxectivo de formar directivos, presidentes e secretarios de asociacións veciñais federadas en temas concretos coma o asociacionismo, o procedemento administrativo, as axudas e subvencións, o urbanismo, e o protocolo e organización de actos.

## **A XUNTA CONCLÚE O PRIMEIRO INFORME SOBRE O CAMBIO CLIMÁTICO EN GALICIA, QUE CONTÉN 84 MEDIDAS CONCRETAS CUN INVESTIMENTO DE 35 MILLÓNS DE EUROS**

- *O documento validado hoxe na reunión Consello da Xunta constitúe o paso previo á aprobación do programa marco, que actualmente se está a revisar*
- *En materia de observación, investigación e adaptación ao cambio climático, desenvóléronse 20 accións; no relativo á redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, 48 medidas; e no marco da formación e sensibilización, 16 actuacións*
- *O informe demostra o compromiso da Xunta na loita contra o cambio climático xa que, pese ao contexto económico, continúa dedicando importantes esforzos á análise e á posta en marcha de medidas concretas contra este fenómeno*
- *A diagnose da situación constitúe a base sobre a que establecer políticas para frear a súa progresión, afondar no coñecemento das repercusións no noso territorio e deseñar as necesarias medidas de adaptación ante tales repercusións*

A Xunta vén de finalizar o primeiro informe sobre o cambio climático en Galicia, con 84 medidas concretas e un investimento que ascende a 35 millóns de euros. O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe este documento, que terá carácter periódico e dobre obxectivo: por un lado, recoller e difundir datos actualizados en diferentes ámbitos relativos ao cambio climático e, por outro, facer públicos os avances en materia de loita fronte a este fenómeno.

O informe presentado demostra o compromiso do Goberno galego na loita contra o cambio climático xa que, a pesar do actual contexto económico, a Xunta continuou e continúa dedicando importantes esforzos á análise do impacto deste fenómeno en Galicia e á posta en marcha de medidas concretas de observación, investigación, redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, adaptación e sensibilización.

### **Diagnose**

A diagnose da situación do cambio climático en Galicia constitúe a base sobre a que establecer políticas para frear a súa progresión, afondar no coñecemento das repercusións que este fenómeno terá no noso territorio e deseñar as necesarias medidas de adaptación ante tales repercusións. O obxectivo é poder anticipar e paliar os seus efectos negativos e aproveitar as eventuais vantaxes e oportunidades para o noso desenvolvemento que poidan derivar dos cambios no contorno.


Segundo consta no informe, as principais evidencias que este fenómeno está a deixar en Galicia refírense a incrementos de temperatura de 0,18° C por década no período de 1961 a 2006, cambios na distribución da chuvia ao longo do ano, variacións en hábitos migratorios das aves, cambios fenolóxicos na flora, incrementos da temperatura

superficial do mar de 0,2º C/década, cambios no fitoplacto e incremento de especies de augas cálidas, así como ascensos no nivel do mar de entre 2 e 2,5 cm por década.

### Emisións minimizadas

En relación ás emisións anuais de CO2 equivalente de España e Galicia para cada un dos anos correspondentes ao período 1990-2010, pódese observar unha tendencia crecente de emisións con respecto ás do ano base. En España, as emisións totais no ano 2007 superan nun 50,58% ás emisións de 1990, e no caso de Galicia, estas supoñen un 25,28% máis. No ano 2008 comeza unha tendencia decrecente pasando a ser esa diferenza, no ano 2010, dun 22,82% maior no caso español e dun 6,74% menor que o ano base para o caso galego.

Na seguinte gráfica amósase o índice de evolución anual das emisións de CO2 en España e Galicia.



### Medidas desenvolvidas

Tendo en conta a realidade que está a supoñer o cambio climático, a Xunta de Galicia ofrece unha resposta a través de 84 actuacións concretas, tal e como se citou anteriormente.

En materia de observación, investigación e adaptación ao cambio climático desenvóléronse 20 accións:

- As principais actuacións de observación céntranse basicamente nas redes de observación meteorolóxica e oceanográfica e outras específicas para o seguimento de especies sensibles ao cambio climático, da biodiversidade mariña e das especies invasoras.

- No marco da investigación, son varios os estudos desenvolvidos sobre diferentes aspectos: incidencia do cambio climático na atención residencial para persoas maiores dependentes, a análise da vulnerabilidade dos cambios de hábitats e especies, da vulnerabilidade á implantación de novas especies invasoras, risco de enchente ou a análise da taxa de erosión costeira, a previsión de vulnerabilidades cara a ordenación territorial, o Plan Cartográfico Galego, etc.
- En canto ás actuacións executadas en materia de adaptación ao cambio climático, destaca a participación da Xunta de Galicia no proxecto Interreg IV B Adaptaclima, que tivo por obxecto a identificación de vulnerabilidades dos principais sectores económicos ante os efectos do cambio climático e a identificación de medidas de adaptación. Outras medias refírense á adaptación ao cambio climático do Plan Auga, o desenvolvemento dun Plan de Seca e a Planificación Hidrolóxica tendo en conta o fenómeno do cambio climático.

Tamén destaca a adaptación dos procedementos de planificación urbanística e a estratexia de conservación e uso sustentable da biodiversidade e planificación da conservación e seguimento des especies ameazadas polo cambio climático.

No relativo á redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, leváronse a cabo 48 medidas, destacando as accións de aforro enerxético na Administración a través de plans de eficiencia e nos diferentes sectores galegos (industrial, transporte, edificación, agricultura...).

Por último, no marco da formación e sensibilización, executáronse 16 actuacións que inclúen, entre outras, campañas, cursos e xornadas informativas sobre aspectos como a eficiencia enerxética, a condución eficiente ou prevención de residuos.

### **Plan de transporte metropolitano**

No referente ao sector transporte, resalta o Plan de Transporte Metropolitano de Galicia para o fomento do uso do transporte público colectivo nas áreas das sete principais cidades galegas. Tamén o Plan Director de Mobilidade Alternativa que supón a creación dunha rede ciclista galega e a programación de estratexias complementarias para fomentar o transporte en bicicleta nos ámbitos urbano, metropolitano e rural. Outras medidas que, neste ámbito, redundarán na redución de emisións, pasan pola promoción do transporte público limpo, pola introdución de áreas de estacionamento específicas reservadas para autobuses, polo desenvolvemento de estudos de mobilidade, así como, o fomento de aparcadoiros disuasorios ou o deseño, construción e posta en funcionamento dunha rede de metro lixeiro.

No marco da formación e sensibilización executáronse dezaseis actuacións que inclúen, entre outras, cursos e xornadas informativas/divulgativas sobre aspectos como a eficiencia enerxética, a condución eficiente de vehículos ou prevención de residuos.

Proxectos e programas específicos de educación e sensibilización sobre o cambio climático, con desenvolvemento de material didáctico.

Obradoiros e exposicións para a sensibilización do público asistente. Tamén, accións de formación sobre aspectos meteorolóxicos e campañas de sensibilización e educación sobre residuos e reciclaxe.